

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Anuncio aprobación definitiva do Regulamento de prestacións económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos

Anuncio de aprobación definitiva do Regulamento de prestacións económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o día 23 de agosto de 2013, o Regulamento de prestacións económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos; publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 170, de data 6 de setembro de 2013, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o ditoacordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co art. 70.2 da lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da data da súa publicación no BOP:

REGULAMENTO DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE MUGARDOS

ÍNDICE

Exposición de motivos

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Obxecto.
- Definición.
- Dotación orzamentaria.
- Finalidade e obxectivos.
- Tipos de prestacións
- Requisitos xerais.

CAPÍTULO II. TIPOLOXÍA DAS PRESTACIÓNS

- Prestación económica de apoio á convivencia e autonomía personal.
- Prestación económica de emerxencia social.
- Prestación económica de inserción social.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO

CAPÍTULO IV. AXUDAS ECONÓMICAS FAMILIARES

CAPÍTULO V. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS PRESTACIÓNS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO I

Exposicións de motivos

O presente Regulamento de prestacións dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos pretende dar unha resposta eficaz e integrada dentro do sistema galego de servizos sociais a situacións de risco e exclusión social e a promoción dunha auténtica cidadanía social a través da participación social, política, económica e cultural.

No Preámbulo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia alude á igualdade de oportunidades no acceso ao benestar e á participación social como “unha vella aspiración do pobo galego e da humanidade enteira,

expresada nas máis nobres loitas, movementos e utopías que mobilizaron a mulleres e homes de todas as épocas que nos precederon. O artigo 25 da Declaración universal dos dereitos humanos expresa de maneira sintética esta arela de dignidade cotiá na vida de todo ser humano, cando afirma que todas e todos terán dereito a «un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e mais os servizos sociais necesarios».

Así, no artigo 9.2 da Constitución española séntanse as bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Para a construción dese novo modelo de estado social é preciso deixar atrás a perspectiva asistencialista dos servizos sociais, para acadar un deseño moderno dos servizos sociais comunitarios como un instrumento de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e, en xeral, como medio de realización dos dereitos sociais básicos do pobo galego. O modelo asistencialista na xestión dos servizos sociais aplicado ás prestacións económicas xerou situacións de pasividade e dependencia institucional nos colectivos sociais dotados de menor competencia social, usuarios/as maioritarios/as de prestacións o que promoveu nalgúns casos unha imaxe asistencial difusa obstaculizando a promoción da autonomía e a competencia personal.

Dentro do sistema galego de servizos sociais os servizos sociais comunitarios “configúranse como servizos de carácter integrador, o que os constitúe na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral, coordinados con outros servizos sociais especializados e con outros servizos de benestar (saúde, educación, cultura, emprego, vivenda, migracións e, se é o caso, desenvolvemento rural), co fin de favorecer unha intervención integral coas persoas.

As necesidades referidas ás carencias de medios para a subsistencia corresponden ao ámbito das políticas dirixidas a garantir unha renda ás persoas que se atopan fóra do mercado laboral de maneira crónica ou durante longo período de tempo. Por tanto, a atención ás necesidades relacionadas coa carencia de medios para a subsistencia corresponde ao conxunto de prestacións económicas que garante o Estado ante determinadas contingencias dos/as cidadáns/ás: pensións contributivas e non contributivas, subsidio por desemprego, renda activa de inserción, renda de integración social de Galicia (RISGA), etc.

As prestacións económicas reguladas neste texto encadraríanse dentro dos programas básicos de servizos sociais, reguladas no artigo 23 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, denominado “Programa básico de inserción social”. Debido á súa propia natureza, as prestacións económicas constitúen un recurso para situacións coxunturais de necesidadee, e por tanto, non garanten de maneira permanente a cobertura das necesidadee relacionadas coa carencia de medios para a subsistencia. Así estas prestacións son complementarias dos medios destinados a satisfacer as necesidades relacionadas co acceso aos recursos sociais, coa convivencia persoal e familiar, así como coas relacionadas coa integración social.

Este regulamento de prestacións económicas estaría definido nos seguintes principios:

1. Superación do carácter benéfico-asistencial e modificación da “imaxe social que teñen os/as usuarios/as dos actuais servizos.
2. Converte as prestacións económicas nun instrumento eficaz para a intervención dos equipos profesionais e permite desenvolver intervencións sociais máis eficientes e axeitadas dirixidas aos obxectivos dos modernos servizos sociais.

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar as características, natureza e tipoloxías das prestacións económicas dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos, así como establecer o procedemento de acceso ás mesmas.

Artigo 2. Definición

Son prestacións económicas de carácter extraordinario, transitorio e non habitual, destinadas a apoiar a persoas e familias con escasos recursos económicos que poidan verse afectadas por graves problemas de convivencia, situacións de emerxencia social e/ou encontrarse en situación de risco ou exclusión social.

Artigo 3. Dotación orzamentaria

O concello de Mugarodos, dotará economicamente, a través do Orzamento anual, e sempre coa dispoñibilidade orzamentaria existente, o correspondente crédito, na partida orzamentaria cargo a cal se imputaran as prestacións económicas, que se determinan neste regulamento.

Artigo 4. Finalidade e obxectivos

Estas prestacións teñen como finalidade previr procesos de exclusión social así como favorecer a inclusión das persoas. Os obxectivos son:

1. Responder a situacións ocasionadas por necesidades coxunturais, que non poden ser satisfeitas por falla de recursos económicos e que afectan a unidades familiares e de convivencia, desestabilizando o seu normal desenvolvemento.
2. Apoiar os procesos de intervención que os Servizos Sociais desenvolven con persoas en situación de exclusión social.
3. Ofrecer ferramentas que den resposta inmediata a situacións de emerxencia.
4. A prevención, redución ou supresión de situacións de risco social para menores derivadas da carencia de recursos económicos.

Artigo 5. Tipos de prestacións

Establécense catro tipos de prestacións económicas:

1. Prestacións económicas de apoio á convivencia e autonomía personal, dirixidas á prevención de situacións de crise producidas por unha necesidade coxuntural provocada por carencias de recursos económicos que dificultan a normal convivencia e desenvolvemento persoal e familiar.

O acceso a estas prestacións será por prescripción técnica e estará suxeito a valoración e diagnose por parte das traballadoras sociais municipais.

2. Prestacións económicas para a inserción social de persoas e familias en proceso de exclusión ou en situación de exclusión social. Estas prestacións formarán parte dun Plan de Intervención Individualizado, a modo de itinerario de inserción. Os plans irán dirixidos a rehabilitar habilidades e competencias, de cara a lograr a autonomía personal, así como a facilitar a inclusión nos distintos sistemas sociais (emprego, saúde, vivenda, educación...). A forma de acceso, rexeráse por criterio de prescripción dos/as profesionais de Servizos Sociais. Esta prescripción estará suxeita aos perfís establecidos.

3. Prestacións para atender situacións de emerxencia social ocasionadas pola perda sobrevida da vivenda, imposibilidade de continuar no fogar e/ou situacións de desamparo persoal.

A forma de acceso rexeráse por un criterio de demanda, ben manifestada directamente pola persoa afectada, ou ben detectada polos/as profesionais dos servizos sociais.

4. As axudas económicas familiares son prestacións económicas temporais con carácter preventivo que se conceden a familias, para a atención e coidado dos/as menores ao seu cargo, ante situacións de carencia ou déficit de recursos económicos. As prestacións económicas definidas con anterioridade, non serán excluíntes agás as prestacións económicas de inserción social e as axudas económicas familiares; podéndose dar a circunstancia de que unha mesma persoa beneficiaria ou nunha mesma unidade familiar ou de convivencia sexa perceptora ou haxa perceptores de máis dunha prestación económica.

Artigo 6. Requisitos xerais

Para acceder a estas prestacións é necesario cumprir cos requisitos que se detallan a continuación:

1. Ter a maioría de idade ou estar emancipado/a legalmente.
2. Estar empadroadado/a e residir no Concello de Mugarodos, cunha antigüidade mínima de 6 meses, agás que a prescripción técnica valore a necesidade da axuda sin ter en conta o dito período.
3. Non posuír máis propiedades que a da vivenda que habitan, agás que a valoración dos/as profesionais o fundamenten.
4. Non estar pendente de xustificar documentalmente as prestacións concedidas con anterioridade.
5. Non ser propietario/a de cantidades económicas que se considere que poidan solventar a situación de necesidade manifestada.
6. Terán que solicitar as prestacións as que poidan ter dereito por outra administración pública.
7. Acreditar documentalmente a necesidade da prestación.

8. Estar incluído/a dentro dos límites económicos que establece o presente regulamento. Establécese un límite de ingresos diferenciado para o acceso a determinadas prestacións reguladas nesta norma.

O cómputo de ingresos establecece por unidade familiar ou de convivencia.

Por unidade familiar entenderáse:

1. A constituída por dous ou máis persoas que convivindo efectivamente nun mesmo domicilio, estén relacionadas entre sí por:

- a. Matrimonio, parella de feito ou outra relación debidamente acreditada.
- b. Lazos de parentesco por consanguinidade ou por adopción ata segundo grao.

2. Estimarás que unha única persoa constitúe unha unidade familiar cando adquira a maioría de idade e viva só/a.

Por unidade de convivencia entenderáse:

1. O conxunto de persoas que viven habitualmente baixo o mesmo teito, e que poden estar ligadas entre elas por lazos de parentesco, afinidade ou amizade.

Por familia monoparental entenderase:

A definida no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Artigo 7. Comisión de valoración

A comisión de valoración estará formada polas traballadoras sociais e a psicóloga do departamento de servizos sociais. Terá como función a elaboración de informe proposta en cada unha das prestacións económicas.

CAPÍTULO II Tipoloxía das prestacións

Artigo 8. Prestación económica de apoio á convivencia e autonomía persoal

8.1 Definición

Son prestacións de tipo económico, dirixidas a cubrir situacións de necesidade de carácter extraordinario e coxuntural, destinadas a unidades familiares ou de convivencia, en grave risco de crise ou desestruturación, debido a unha situación de carencia de recursos económicos.

Estas prestacións non cubrirán déficit económicos estruturais.

8.2 Conceptos

1. Impagos de aluguer que poidan desestabilizar a situación socioeconómica familiar.
2. Acondicionamento da vivenda, pequenas reformas do fogar. Inclúese neste apartado enseres domésticos, electrodomésticos básicos, reparacións na vivenda.
3. Situacións conxunturais que provoquen dificultades para a cobertura de necesidades básicas.

8.3 Forma de acceso

O acceso a estas prestacións será por prescrición técnica e estará suxeito á valoración e diagnose por parte dos/as traballadores/as sociais do Concello de Mugarodos; o mesmo deberá conter de forma expresa a manifestación do/a profesional de que coa prestación se resolve a problemática diagnosticada.

As necesidades deberán ser valoradas como coxunturais, provocadas pola carencia de recursos económicos, que de non ser atendidas, afectarían negativamente ás condicións de vida das unidades familiares ou de convivencia.

8.4 Contía

As contías desta prestación, en ningún caso poderán ser superiores a 1.000 euros anuais en cada un dos conceptos estipulados no artigo 8.2.

8.5 Periodicidade

As Prestacións Económicas de Apoio á Convivencia e Autonomía Persoal non terán carácter periódico. O concepto 2 (acondicionamento da vivenda, pequenas reformas...) so poderá concederse unha vez ao ano nun dos conceptos establecidos.

8.6 Situación excluídas

Estas prestacións non poderán cubrir os seguintes conceptos:

- a) O pagos de hipotecas.

- c) O pago de cotas das comunidades de propietarios/as.
- d) O pago de multas e sancións de calquera índole e natureza.
- e) O pago de impostos e taxas das administracións públicas.
- f) O pago de calquera outro ben que este destinado a cubrir necesidades distintas ás definidas no apartado 8.1 do presente regulamento.

8.7 Xustificación

As personas beneficiarias da prestación estarán obrigadas a xustificar documentalmente a correcta inversión da totalidade do importe concedido. Deberán presentar na unidade de traballo social, os recibos, facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado no prazo máximo de dous meses, a contar dende a percepción da prestación económica.

Artigo 9. Prestación económica de inserción social

9.1 Definición

Prestacións económicas que teñen como finalidade complementar diversas estratexias técnicas para apoiar os procesos de inserción na sociedade a persoas ou unidades convivenciais en situación de exclusión social.

Estas prestacións forman parte dun Plan de Intervención para a Inserción Social. Os Plans son instrumentos técnicos, que contemplan itinerarios de inserción e tratan de lograr a integración social das persoas e familias, incidindo nos diversos factores que se atopan ligados aos fenómenos de exclusión social.

Estas prestacións económicas están ligadas á consecución e cumprimento de obxectivos establecidos no Plan e, por tanto, condicionadas á implicación dos/as usuarios/as.

9.2 Conceptos

Nos plans estableceranse as finalidades e conceptos concretos ás que se destinará a prestación económica, sendo ratificada mediante sinatura polo/a titular da familia no compromiso de colaboración. O compromiso de colaboración é un instrumento de traballo mediante o cal os/as profesionais de servizos sociais e as persoas destinatarias dos plans de intervención acordan o itinerario de inserción así como os recursos destinados ao mesmo.

9.3 Forma de acceso

Iniciaranse de parte, previa prescrición técnica do persoal de servizos sociais, previa diagnose da situación de exclusión social na que se acredita que a persoa pertence a colectivo en risco severo de exclusión social. En todo caso, as persoas destinatarias deberán atoparse nunha situación de carencia total ou parcial de recursos económicos sen sobrepasar o límite do valor do IPREM. Ademais deberán suscribir un compromiso de colaboración mediante o que se comprometen a levar a cabo as contraprestacións reflectidas no Plan de inserción social.

9.4 Contía das prestacións económicas de inserción social

O importe das prestacións económicas de inserción social determinarase polos plans de inserción elaborados atendendo a diagnose social específica de cada persoa/familia beneficiaria. En ningún caso poderá ser superior a 2.600 euros/ano.

9.5 Periodicidade

As prestacións económicas de inserción social poderanse conceder unha vez ao ano ou de forma fraccionada segundo as necesidades que presente o desenvolvemento do plan de inserción, con posibilidade de renovación ou modificación do plan. Unha vez finalizado o plan, para volver a ser beneficiario/a da prestación haberán de transcurrir polo menos 12 meses desde a finalización do último Plan de Inserción. A prestación poderá ser aboada de forma fraccionada a fin de que exista unha relación directa coa consecución dos obxectivos plantexados no Plan e, existindo a posibilidade por tanto, de non facer efectiva a percepción da contía por incumprimento.

9.6 Situacións excluídas

Non se poderán acoller ás axudas económicas de inserción social aquelas persoas beneficiarias da Renda Activa de Inserción, da RISGA, ou no seu caso que non transcurrirán 6 meses dende á percepción da RISGA.

Así mesmo é incompatible coa percepción das Axudas Económicas Familiares, así como outras de análoga natureza.

9.7 Perfil de beneficiarios/s

a. Persoas en situación de pobreza económica coa vulnerabilidade para a exclusión social. Se baremarán por parte dos/as profesionais: o grao de deterioro das relacións sociais e familiares, a fragilidade ou risco para a saúde e o baixo nivel de formación.

b. Persoas en proceso de exclusión social. Serán obxecto de valoración:

Carencia de stock de capital humano formativos e incluso de saúde, encontrarse no umbral da pobreza, ter iniciado o itinerario hacia exclusión severa con evidencias de falta de acceso á relación salarial normalizada e aos sistemas de protección social, desestruturación familiar, a non participación no conxunto da sociedade e alonxamento da condición de cidadán/á.

9.8 Os plans de inserción social poderán contemplar a contratación por un tempo determinado para obras e servizos de interese municipal, cando o beneficio sexa superior ao custo da prestación.

Artigo 10. Prestación económica de emerxencia social

10.1 Definición

Prestacións para atender situacións de emerxencia social ocasionadas pola perda sobrevida da vivenda, imposibilidade de continuar no fogar e situacións de desamparo persoal.

10.2 Conceptos

Estas prestacións irán destinadas a atender as seguintes situacións:

a. Desaloxos domiciliarios motivados pola declaración de ruina inminente do inmovible, orde xudicial por desafuzamentos e impagos do aluguer.

b. Perda ou grave dano do fogar debido a desastres naturais ou incendio do domicilio.

c. Situacións de desamparo personal.

10.3 Requisitos específicos

Establécense os seguintes requisitos para acceder ás prestacións por emerxencias:

a. Que a renda familiar non supere 2 veces o IPREM.

b. Carecer de seguro do fogar que garantice a cobertura da necesidade obxecto da prestación.

10.4 Forma de acceso

O acceso ás prestacións de emerxencia realizarase a través de demanda expresa mediante solicitude das persoas afectadas ante o persoal dos servizos sociais, ou ben detectada polos ditos profesionais.

10.5 Finalidades e contías

As prestacións de emerxencias integrarán os seguintes conceptos:

a) Novo aluguer: Ata 1 mes do importe do aluguer, non se pode superar os 300 euros anuais.

b) Gastos de hospedaxe: Ata 15 días de aloxamento nun establecemento hotelero, non se pode superar os 300 euros anuais.

c) Reparación da vivenda habitual: Dirixida a proporcionar niveis mínimos de habitabilidade, non se pode superar 1500 euros anuais.

d) Adquisición de mobiliario básico e enseres pessoais para a vivenda habitual e os seus residentes, non se pode superar 1000 euros anuais.

e) Calquera outra situación especial de emerxencia, previa xustificación polo/a traballador/a social.

Artigo 11. Axudas económicas familiares

11.1 Definición e concepto

As axudas económicas familiares son prestacións económicas temporais con carácter preventivo que se conceden a familias, para a atención e coidado dos/as menores ao seu cargo, ante situacións de carencia ou déficit de recursos económicos. Irán destinadas a cubrir as necesidades básicas do/ a menor, implicando un traballo de apoio familiar complementario.

11.2 Obxectivos

A prevención, redución ou supresión de situacións de risco social para menores derivadas da carencia de recursos económicos. A desinstitucionalización e reinserción sociofamiliar dos/as menores mediante o seu retorno ao fogar, cando o internamento se deba fundamentalmente á falla de recursos económicos.

11.3. Destinatarios/as

As prestacións concederanse aos pais/nais ou titores legais dos/as menores que estén ao seu cargo, tendo como finalidade exclusiva a de cubrir as necesidades básicas destes/as.

Serán beneficiarios/as destas prestacións os/as menores nos/as que concurran as seguintes situacións:

1. Presencia de indicadores de risco para o/a menor na dinámica familiar.
2. Existencia de necesidades básicas do/a menor que deben ser cubertas.
3. Falla de recursos económicos no fogar onde o/a menor resida o se reintegre.
4. Existencia dun Programa de Intervención Familiar.
5. Pronóstico positivo sobre a resolución da problemática detectada.
6. Aceptación por parte dos membros familiares, da intervención dos Servizos Sociais Comunitarios, comprometéndose a cumprir os obxectivos establecidos no Plan de Intervención Familiar.

A prestación asignada deberá indicar o/a menor ou menores beneficiarios/as.

11.4 Contía e periodicidade

A cotía e periodicidade da prestación determinarase pola comisión de valoración.

11.5 Vixencia e tramitación

A vixencia das Axudas Económicas Familiares estará determinada polo tempo que duren as circunstancias que a orixaron e polo período que determine o/a técnico/a responsable, podendo propoñer tempo de prórroga.

A tramitación das Axudas Económicas Familiares sustanciaranse conforme ao seguinte procedemento:

11.5.1 Iniciación

O procedemento para a concesión das Axudas Económicas Familiares só se iniciará a instancia do profesional técnico dos de Servizos Sociais Comunitarios. O acceso a estas prestacións será por prescripción técnica e estará suxeito a valoración e diagnose por parte dos/as profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios.

11.5.2 Informe técnico

Un/unha técnico/a do departamento dos Servizos Sociais Comunitarios elaborará un informe sobre a situación sociofamiliar do/a menor.

11.5.3 Proposta de resolución

Unha vez elaborado o informe ao que se refire o parágrafo anterior, a Comisión de valoración propoñerá a concesión ou denegación da prestación, as condicións da mesma, no seu caso, e igualmente as obrigacións que debe contraer o destinatario/a en canto a finalidade para a que se concede.

11.5.4 Resolución

Resolución do concelleiro/a delegado/a ou da Alcaldía, motivadamente, en atención e baseándose na proposta realizada pola Comisión de valoración.

11.5.5 Notificación

A resolución será notificada á persoa destinataria.

11.5.6 Eficacia

A eficacia da resolución estará condicionada á subscripción, polo/a destinatario/a da axuda, do compromiso de colaboración onde quedan recollidas as condicións e obrigas da mesma en relación coa finalidade da axuda concedida.

Artigo 12. Forma e xustificación do pagamento

As axudas económicas familiares, unha vez aboadas, xustificaranse na forma que se determine nos acordos establecidos coas familias e recollidos no documento-compromiso de colaboración, non superando, en ningún caso, o prazo máximo de dous meses.

Artigo 13 Seguimento e control

1. As funcións de seguimento e control das Axudas Económicas Familiares corresponden aos Servizos Sociais Comunitarios que as propuxo.

2. O contido do seguimento e control, poderá servir de fundamento á proposta de modificación, suspensión ou cese da axuda económica familiar.

Artigo 14. Modificación, suspensión e cese

1. As axudas finalizarán unha vez transcorra o período de aplicación proposto polo/a técnico/a responsable.

2. As axudas económicas familiares poderán suspenderse cuando se incumpla algún dos seus obxectivos ou requisitos polos que foron concedidas.

Artigo 15. Réxime de incompatibilidade

A Axuda Económica Familiar será incompatible coa percepción das Prestacións Económicas da inserción social, así como outras de análoga natureza.

CAPÍTULO III Procedemento das prestacións económicas**Artigo 16. Procedemento das prestacións económicas familiares**

O procedemento para a concesión destas axudas reflíctese no artigo 11.5 pola súa especificidade.

Artigo 17. Procedemento das restantes prestacións económicas

O procedemento para a xestión de prestacións económicas de apoio á unidade de convivencia e autonomía persoal, para as prestacións económicas de inserción social e para as prestacións de emerxencia social será o que de seguido se especifica:

17.1 Inicio

O acceso a estas prestacións será mediante a solicitude e estará suxeito a valoración e diagnóstico por parte dos/as traballadores/as sociais de Servizos Sociais comunitarios. Os/as profesionais deberán facer esta valoración no prazo máximo dun mes.

17.2 Expediente administrativo

Conterá os seguintes documentos:

1. Solicitude
2. Informe técnico acreditando o cumprimento dos requisitos exigidos para esta prestación e motivada a proposta.
3. Compromiso da xustificación asinado pola persona beneficiaria e o/a profesional.
4. Informe proposta da comisión de valoración.
5. Resolución do alcalde o Concelleiro/a Delegado/a.
6. Notificación á persona interesada.

CAPÍTULO IV Obrigas dos beneficiarios/as**Artigo 18. Obrigas dos beneficiarios/as**

1. Destinar as contías recibidas para a finalidade para a que foron solicitadas, debendo presentar, en todo caso, no prazo máximo de dous meses, xustificante ou factura de haber realizado o pagamento para o que foi concedida a axuda polo importe total da mesma.

2. Facilitar o seguimento da súa situación ao persoal técnico dos Servizos Sociais comunitarios.

3. Os/as beneficiarios/as das prestacións económicas, ou no seucaso os/as representantes legais, deberán proceder ao reintegro das axudas concedidas en caso de incumprimento das obrigas establecidas no presente artigo.

4. No seu caso, negociar, subscribir e cumprir co compromiso de colaboración.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor do presente Regulamento queda derogado o texto íntegro do Regulamento de Axudas de Emerxencia Social, publicado no Boletín Oficial de la Provincia (BOP) núm. 201 de 22 de outubro de 2012, así coma tódolos regulamentos municipais de axudas de emerxencia social anteriores.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no BOP.

ANEXO I**Criterios económicos para prestacións económicas de apoio á convivencia e atención persoal**

Cálculo do límite de ingresos

	Unidades de consumo equivalentes (u.c.e.)
Un/a adulto/a	1
Segundo/a adulto/a e sucesivos	0,5
Cada fillo/a menor	0,3
Situación de monoparentalidade	0,6
Situación de discapacidade	0,3

Tipo de unidade familiares e límite de ingresos

Tipo de unidad familiar	u.c.e.	Mensual
Unha persoa	1,0	532,51
Un/a adulto/a cun fillo/a *	1,9	1.011,77
Un/a adulto/a con dous fillos/as*	2,2	1.171,52
Un/a adulto/a con tres fillos/as*	2,5	1.331,28
Un/a adulto /a con catro fillos/as*	2,8	1.491,03
Un/a adulto/a con cinco fillos/as*	3,1	1.650,78
Unha parella de adultos/as cun fillo/a	1,8	958,52
Unha parella de adultos/tas con dous fillos/as	2,1	1.118,27
Unha parella de adultos/as con tres fillos/as	2,4	1.278,02
Unha parella de adultos/as con catro fillos/as	2,7	1.437,78
Unha parella de adultos/as con cinco fillos/as	3,0	1.597,53

*Sempre que se cumpra o artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Mugardos, 23 de agosto de 2013

O alcalde

Xosé Fernández Barcia

2013/13125